

ACTA DO XURADO DA I EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES NO FOCO- 22 de xuño de 2021

1º.- No Salón de Actos do Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, ás 17:10 minutos do día **22 de xuño de 2021**, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da I Edición dos Premios #Mulleres no Foco; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: Paula Cabaleiro Comesaña, directora de Cultura da Deputación de Pontevedra; Julio Vázquez Martínez, xefe de sección de actividades culturais da Deputación de Pontevedra; Carmen Mendez Lamas, en representación da Academia Galega do Audiovisual; Alfonso Vázquez Cortizo, en representación da Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA); Marta Villar Sanjurjo, en representación de CIMA; Eva Fórneas Braña, en representación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG); Ana Estévez Lavandeira, en representación da Coordinadora Galega de Festivais (Proxecta) e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

A persoa representante da Asociación Sindical de Guionistas (AGAG), Óscar Cruz Rodríguez conectase vía telemática a dita reunión.

2º.- Relación de solicitudes presentadas á convocatoria

No BOPPO núm. 60 de 30 de marzo de 2021, publicáronse as Bases reguladoras da convocatoria da I Edición dos Premios #Mulleres no Foco, cuxa finalidade é incentivar, apoiar e recoñecer o papel das profesionais galegas do audiovisual, incidindo de forma directa na participación e na promoción destas no sector.

A esta convocatoria presentáronse un total de 16 candidaturas, das cales dúas non se admiten porque non cumpren coas bases da convocatoria. Estas candidaturas non estaban presentadas polas persoas que conformen o xurado dos premios nin polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

3º.- Relación das candidaturas presentadas a I Edición dos Premios #Mulleres no Foco:

- Eire García Cid
- M^a del Carmen Rodríguez Rodríguez
- Noemí Chantada Puime
- Lucía Estévez González
- Sonia Méndez Alonso
- Paula Cons Varela
- Margarita Ledo Andión
- Araceli Gonda Cabreira
- María Moldes Carballido
- Pilar Comesaña Amado
- M^a Isabel Martínez Martínez
- Belén Montero Rodríguez
- Teresa Fernández-Valdés
- Micaela Sinde Stempel



4º Propostas das persoas integrantes do xurado

Cada unha das persoas integrantes do xurado propón as súas tres premiadas. Finalizada a participación de cada unha delas, ábrese unha rolda de debate entre todas as persoas do xurado.

Tras a deliberación final, as persoas do xurado, consideran que tendo en conta a labor realizada pola súa defensa dos dereitos das mulleres, o compromiso pola igualdade, por mulleres feministas ademais dos traballos e proxectos realizados durante o ano 2020, deben ser premiadas: **Margarita Ledo Andión, Noemí Chantada Puime e Sonia Méndez Alonso.**

As persoas do xurado destacan o carácter poliédrico e multidisciplinar das tres premiadas, sintetizando tarefas de dirección, produción, guión e o mesmo tempo docencia.

5º Candidatas propostas

As persoas integrantes do xurado acordan por unanimidade designar como as premiadas desta I Edición dos Premios #Mulleres no Foco as seguintes:

- Margarita Ledo Andión
- Noemí Chantada Puime
- Sonia Méndez Alonso

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 18:25 horas do día 22 de xuño de 2021, do que eu, como secretaria, dou fe.

